



## IV SIMPOSIO INTERNACIONAL DE APRENDIZAXE-SERVIZO NA UNIVERSIDADE: EDUCACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA COMUNIDADE

O IV Simposio Internacional de Aprendizaxe-Servizo (ApS) na Universidade, celebrado o 18 de outubro de 2024 na Facultade de Ciencias da Educación da USC, enmárcase no proxecto “O impacto da universidade na comunidade a través dos proxectos de Aprendizaxe-Servizo. Un estudo centrado na reciprocidade (ApS(C))”. O evento consolidouse como un espazo de referencia para a reflexión sobre a innovación educativa e a ApS, promovendo o intercambio de ideas e boas prácticas. Co lema "Educación e Desenvolvemento da Comunidade", o simposio congregou a expertos/as, profesionais, estudantes e representantes de entidades sociais, co fin de fomentala ApS no ámbito universitario e de analizar o seu impacto na formación de estudantes e no desenvolvemento social.

Na inauguración participaron Pilar Murias Fernández, vicerreitora de Estudantes e Cultura da USC, quen estivo acompañada polo conselleiro de Educación, Ciencia, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, Román Rodríguez González e as vicerreitoras con competencias en extensión universitaria da UDC e da UVigo. Tamén interviñeron no acto o presidente da ACSUG e a decana da Facultade de Ciencias da Educación. Os discursos inaugurais puxeron de relevo o potencial da ApS para mellorar a empregabilidade dos/as egresados/as, integrando a teoría coa práctica nun compromiso coa comunidade. Desenvolvéronse varias actividades, destacando os relatorios de especialistas, mesas sectoriais e a presentación de proxectos. O primeiro relatorio, a cargo de Marta Ruiz Corbella (UNED), destacou o poder pedagóxico da comunidade, subliñando a capacidade da ApS para actuar como unha ponte entre a academia e a sociedade. Nas mesas sectoriais expuxéronse proxectos na saúde, as ciencias sociais, a enxeñaría e a arquitectura, amosando como a ApS é unha ferramenta para resolver retos sociais. Ademais, presentáronse máis de 30 pósteres, facilitando a creación de sinerxías entre os/as asistentes. Á tarde, tivo lugar unha conferencia de Fernando M. Reimers, da Universidade de Harvard, quen abordou a relación entre a ApS e o desenvolvemento sostible, destacando o seu papel para afrontar retos globais, como o cambio climático, a desigualdade social e o acceso equitativo á educación. Finalmente, o simposio pechou co panel moderado por Miguel A. Santos Rego e Mar Lorenzo Moledo (USC), onde se reflexionou sobre o papel da universidade na construción dunha sociedade civil comprometida e solidaria, así como na transformación social a través da ApS.

O IV Simposio destacou pola súa participación e pola calidade dos proxectos presentados, confirmando o seu éxito como foro de reflexión e de innovación educativa. O evento reafirmou a relevancia da ApS para mellorar a aprendizaxe e a empregabilidade, e como vehículo esencial para a relación entre a universidade e a sociedade. A ApS segue consolidándose así como unha ferramenta para unha educación superior inclusiva e comprometida co benestar. Este evento senta as bases para futuras edicións que continuarán explorando o potencial da Aprendizaxe-Servizo para transformar a educación superior e a sociedade en xeral.

### Alexandre Sotelino Losada

Secretario do Comité Organizador  
Membro do GI-Eschulca. Rede RIES  
Dpto. de Pedagogía e Didáctica  
Facultade de Ciencias da Educación  
Universidade de Santiago de Compostela



## SUMARIO

### PÁXINA 1

Editorial

### PÁXINA 2

Experiencia Educativa

### PÁXINA 5

Experiencia Investigadora

### PÁXINA 8

Accións da Rede RIES

### PÁXINA 16

Próximos Congresos

### PÁXINA 18

Novidades Editoriais

### PÁXINA 20

Novidades Legislativas

ISSN 2445-3781



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

**EXPERIENCIA EDUCATIVA**

*Apoiar o desenvolvemento de capacidades dos grupos de profesorado e dos centros escolares para a mellora*

**O GRUPO “MESTURA” DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E DOCENCIA**

O grupo de investigación “Mestura” ten entre os valores e principios que pretenden impregnar o seu labor nos ámbitos da investigación e da docencia o da colaboración aberta nun clima de respecto mutuo, transparencia, confianza, recoñecemento das contribucións de cada quen, negociando metas, significados e accións e, inspirándose nunha racionalidade de natureza emancipadora, tamén orientarse por valores como a apertura, a comunicación, o sentido crítico e a interdependencia.

Todos estes valores e principios pretenden presidir tanto o traballo interno dentro do grupo como a colaboración con outros grupos e organizacións como as escolas. En relación con estas últimas, consideramos que poden darse diversas situacións: desde o descoñecemento do que facer de cada quen (grupo de investigación e docencia universitario e, en xeral, dos contidos e procesos habituais da universidade e das escolas), pasando polo intercambio (por exemplo, de información e recursos), ata a planificación e desenvolvemento de Proxectos Formativos en común, ou mesmo a constitución de auténticas Comunidades de Indagación con compromiso do desenvolvemento común ligados á innovación, ou proxectos de diagnose-investigación-desenvolvemento organizativo e curricular.

**INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E COLABORACIÓN COAS ESCOLAS EN PROXECTOS DE APRENDIZAXE-SERVIZO**

Conscientes da importancia de establecer pontes de colaboración cos centros escolares, sobre todo desde o ámbito da formación de futuros/as docentes na universidade, nos últimos cursos, o grupo Mestura, participou en Proxectos de Aprendizaxe-Servizo (ApS de agora en diante), con participación de profesorado investigador do mesmo que impartía docencia nas Facultades de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela e na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo en varias materias do Grao en Mestra/e de Educación Infantil. Proxectos que tentamos introduzan innovacións de diversa índole nas materias da formación de mestres/as involucradas, como achegas para a innovación, tanto curriculares como organizativas nos centros cos que colaboramos.

En investigacións previas aos cambios metodolóxicos que estamos tentando introducir nas materias das que nos ocupamos, detectamos desde fai tempo, recollendo a valoración do propio alumnado universitario, diversas críticas ante a escaseza de vínculos entre a práctica á que deben enfrontarse nas súas experiencias nos centros escolares nos seus períodos de “Prácticas” e contidos e procesos de traballo nas materias que cursan nos centros universitarios, así como escasa

valoración de non poucos dos contidos abordados na universidade, e críticas ante as estratexias metodolóxicas usadas por unha parte dos/as docentes universitarios/as. Na Tese de doutoramento de Abal (2023), con datos recollidos sobre futuros/as docentes de Educación Infantil, segundo unha parte do alumnado, na Universidade trátanse contidos que cabe cualificar, a partir das súas declaracións, como coñecemento inerte, sentíndose os/as estudantes incapaces de trasladalo aos centros de traballo doutros niveis educativos ou que, simplemente, non lembran á hora de pensar e actuar neles.

Os membros do grupo Mestura, levamos anos adoptando variadas iniciativas para innovar na ensinanza na Universidade conectando aprendizaxes máis teóricas coa práctica cotiá nas escolas. Entre estas iniciativas de innovación citamos o traballo por proxectos e con casos (véxase, por exemplo: Fuentes e Muñoz, 2017) e, nos últimos cursos, a aposta por iniciativas de ApS tentando favorecer a aprendizaxe profunda do estudantado, abordando competencias específicas, obxectivos e contidos do plan de estudos universitario traballando con situacións auténticas e favorecendo o desenvolvemento da colaboración, a responsabilidade social, o pensamento crítico e a creatividade, facendo uso da tecnoloxía, baixo un enfoque que prima os valores humanistas e de progreso.

Nos Proxectos de ApS xa realizados para introducir innovacións tanto na formación das mestras e dos mestres do Grao de Educación Infantil, como nos centros de Educación Infantil e Primaria que participaron nos mesmos, unha das contribucións fundamentais consistiu na elaboración de materiais e recursos producidos polos/as estudantes en diferentes materias das que nos encargamos membros do grupo Mestura para a súa análise e, no seu caso, uso en procesos curriculares e organizativos por parte dos centros participantes nos Proxectos, documentos que se concretaron da seguinte maneira:

MATERIA I: “Organización e xestión do centro escolar” (Grao en Mestra/e de Educación Infantil na Facultade de Ciencias de Educación de Santiago de Compostela), con 87 alumnos/as participantes.

Nesta materia a achega fundamental consistiu na elaboración, por parte do alumnado da Facultade, dunha escala e doutros instrumentos e materiais de carácter narrativo para, no marco de atender ao desenvolvemento de competencias socio-emocionais, analizar o clima do centro escolar colaborador. Deste xeito, pretendeuse incidir no aumento da capacidade creativa, da capacidade crítica, e na competencia de traballo en equipo dos/as futuros/as docentes, así como nunha maior sensibilidade e responsabilidade social co compromiso adquirido co centro colaborador.

**EXPERIENCIA EDUCATIVA***Apoiar o desenvolvemento de capacidades dos grupos de profesorado e dos centros escolares para a mellora*

MATERIA II: “Procesos de Mellora e uso das TIC” (Grao en Mestra/e de Educación Infantil na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela e na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo), cun total de 146 alumnos participantes.

Nesta materia o produto básico elaborado por parte do alumnado, co apoio dos/as docentes implicados/as da universidade, como contribución ao centro escolar, procedeu do deseño e elaboración de contos interactivos e vídeo-contos, para traballar competencias socioemocionais, con notable desenvolvemento, sobre todo, do pensamento creativo dos/as estudantes universitarios/as, das competencias creativas, tecnolóxicas e literarias, así como da capacidade para o traballo en equipo, tentando responder ás necesidades do centro colaborador concreto. Como exemplo das producións, pode consultarse o repositorio creado cunha selección de contos dixitais elaborados polo alumnado da materia (<https://grupomestura.net/cuentos>).

MATERIA III: “Observación e análise: Suxeitos e Procesos” (Grao en Mestra/e de Educación Infantil na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela e na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo), cun total de 166 futuros/as docentes participantes.

Nesta materia o produto básico consistiu en escalas de observación para que o profesorado do centro colaborador puidese identificar o tipo de coñecementos, comportamentos, actitudes e reaccións dos nenos e nenas a partir do traballo realizado cos contos interactivos e audiovisuais elaborados na materia de “Procesos de mellora e usos das TIC”. Entre os obxectivos logrados, destacamos o desenvolvemento do pensamento crítico, reflexivo e creativo para avaliar os aspectos sinalados, co foco de atención posto nas competencias socioemocionais.

**INNOVACIÓN NO ÁMBITO DA DOCENCIA UNIVERSITARIA E NA DINÁMICA ORGANIZATIVA DOS CENTROS ESCOLARES**

Nesta cuestión, presentamos a continuación algunhas breves notas en relación co producido na primeira das materias citadas (“Organización e Xestión do Centro Escolar”, do Grao en Mestra/e de Educación Infantil na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela).

Desde a consideración de que o profesorado, por diversas causas, “non se sente a gusto” no quefacer cotiá nos centros escolares, detectándose “malestar”, “insatisfacción”, “desmotivación” nun clima de progresiva conflitividade, estimamos que unha das vías de favorecer un maior benestar na escola (Hargreaves e Shirley, 2023) consiste en que os/as propios/as docentes establezan unha autoavaliación do ambiente que reina no seu centro,

analicen os datos recollidos e tomen decisións cara á constitución de auténticas comunidades de práctica profesional e mellora das aprendizaxes (Bolívar e Domingo, 2024), construíndo capacidades institucionais para a innovación e a mellora, establecendo estratexias deliberadas e coherentes, a nivel de toda unha escola, optando por procesos colaborativos e reflexivos, e xerando accións de cambio que incidan tanto no desenvolvemento individual como institucional.

Os diferentes grupos da materia de “Organización e Xestión do Centro Escolar” do segundo curso do Grao en Mestra/e de Educación Infantil elaboraron diversos documentos de traballo para a análise do “clima” dos centros e, no seu caso, utilización directa ou reelaboración por parte das escolas colaboradoras, de forma que se propicie un proceso de autoavaliación cara á innovación e a mellora. En concreto, as propostas de cada grupo de estudantes da universidade incorporan un instrumento en forma de ferramenta de indagación sobre o “clima de centro” con ítems ou preguntas que procede conteste cada docente, e un segundo apartado cunha proposta de traballo en forma de procedemento a seguir por parte do centro para facer a recollida de datos, a análise destes polo colectivo, e unha invitación a comprometerse con procesos de reflexión, debate e toma de decisións para a mellora do “clima de centro”.

Como exemplo do contido das propostas para os centros, citemos que no primeiro gran bloque especificáanse grandes “trazos bipolares” (“apoio”/“desamparo”; “confianza”/“suspiciacia”, por exemplo) cunha determinada escala ou escalas. O instrumento, neste apartado, incorpora ademais “viñetas” para varios dos trazos bipolares como tamén imaxes, diálogos, nalgúns casos adoptando o formato do que se entende por “viñetas” na linguaxe dos/as especialistas en cómic.

Proporcionar aos/ás futuros/as mestres/as coñecementos e habilidades para apoiar a construción de capacidades de mellora das propias escolas, en procesos de colaboración entre a universidade e as escolas, e nos que os/as propios/as docentes destas últimas participen tamén activamente, implica potenciar a investigación sobre a propia práctica a partir de procesos de autoavaliación para mellorar a capacidade profesional docente de todos/as os/as implicados/as. Un reto polo que paga a pena seguir apostando.

**EXPERIENCIA EDUCATIVA**

*Apoiar o desenvolvemento de capacidades dos grupos de profesorado e dos centros escolares para a mellora*

**REFERENCIAS**

- Abal, N. (2023). *Las competencias profesionales en la formación inicial de maestras y maestros del Grado de Educación Infantil: un análisis desde la perspectiva del alumnado*. (Tesis Doctoral Inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Bolívar, A., e Domingo, J. (2024). *Comunidades de práctica profesional e mellora das aprendizaxes*. Graó.
- Fuentes, E. J., e Muñoz, P. C. (2017). Enseñar con casos y herramientas de autor: Principios, estrategias, materiales y actividades en la enseñanza universitaria. En M. González-Sanmamed, M. Raposo, A. Erkizia, M. Cebrián, A. Pérez Abellás, M. A. Barberá, O. Canet, e M. Zabalza (Coords.) *XIV Simposio Internacional sobre el Prácticum y las Prácticas Externas: Recursos para un prácticum de calidad* (pp. 143-160). Andavira Editora.
- Hargreaves, A., e Shirley, D. (2023) *Bienestar en la escuela*. Morata.

***Eduardo José Fuentes Abeledo***

***Nuria Abal Alonso***

*Grupo de Investigación MESTURA*

*Departamento de Pedagogía e Didáctica*

*Universidade de Santiago de Compostela*

**EXPERIENCIA INVESTIGADORA***Propostas interdisciplinarias na formación inicial docente: deseño e recursos educativos***INTRODUCCIÓN**

Esta experiencia investigadora forma parte dun proxecto de innovación levado a cabo na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra (Universidade de Vigo). O proxecto pretendía enriquecer as experiencias do alumnado en formación inicial docente dos Graos en Mestra/e de Educación Primaria e de Educación Infantil que se imparten nesta Facultade.

O mundo educativo está en constante transformación, dada a realidade cambiante da sociedade actual. Os desafíos que se lle presentan ao alumnado desta Facultade, que formará parte do colectivo docente futuro, son complexos e exixentes. Por iso, a innovación educativa configúrase como unha vía crucial para facer fronte ás novas demandas. Hoxe en día, débese poñer o foco no desenvolvemento competencial e a aplicación de metodoloxías activas; débense deseñar situacións de aprendizaxe nas que se traballan contidos de distintas materias (interdiscipliniedade), para dar calidade ás experiencias de clase; igualmente, faise necesario propor recursos educativos enriquecedores, que potencien as aprendizaxes. Neste marco encádrase a proposta suxerida, abordando aspectos chave como o deseño de secuencias didácticas interdisciplinarias e a creación de recursos asociados ás mesmas.

A interdiscipliniedade é un enfoque académico que integra coñecementos e procedementos de dous ou máis disciplinas, abordando cuestións pedagóxicas de xeito global. En lugar de traballar dentro dos límites dunha soa área, búscase combinar perspectivas para xerar novas ideas ou solucións. Así, conectamos diferentes saberes, traballamos a cooperación de varias especialidades e innovamos para dar resposta a problemas aplicados á vida real que se resolven mellor dende unha perspectiva plural, como poden ser o cambio climático, a educación inclusiva ou a aprendizaxe emocional.

O enfoque interdisciplinario presenta múltiples beneficios: impulso de competencias transversais, desenvolvemento de habilidades de resolución de problemas complexos, conexión de conceptos, fomento da colaboración, mellora da creatividade e do pensamento crítico, visión máis ampla nun mundo multifacético, etc. Dentro deste enfoque adoitan ter unha relevancia especial as actividades artísticas (escénicas, plásticas, musicais) e as motrices. Son disciplinas moi versátiles que facilitan a inclusión de coñecementos e habilidades socioemocionais dende outras materias. A literatura científica demostrou nos últimos tempos a importancia das súas achegas. Así sábese, por exemplo, que a música pode ser un vehículo mediador importante na ensinanza de idiomas (Cores-Bilbao et al. 2019; Triviño e García, 2022) ou que a actividade física

facilita as aprendizaxes en programación (Marasco et al, 2016) ou matemáticas (Vetter et al., 2018).

**OBXECTIVOS**

O obxectivo xeral do traballo centrouse en deseñar e aplicar propostas interdisciplinarias e recursos específicos en diferentes materias no contexto da formación inicial de futuras/os mestras/os (Grao en Mestra/e de Educación Primaria e Grao en Mestra/e de Educación Infantil).

**METODOLOXÍA**

A metodoloxía neste proxecto abordouse dende un enfoque crítico-descriptivo; isto é, observamos e documentamos un fenómeno, de xeito que podamos comprender o tema de estudo e ademais incorporamos unha análise reflexiva e avaliativa dos resultados presentados.

O proxecto comeza cunha fase diagnóstica na que se explica ao alumnado as finalidades do mesmo e fórmaseselles para poder levar a cabo as propostas e os recursos didácticos. Seguidamente, na fase de desenvolvemento, deséñanse as actividades interdisciplinarias e os recursos específicos en cada materia. Por último, a fase final, integra tanto a avaliación do programa como a publicación dos materiais, de xeito que se difunden os máis interesantes a través de diferentes canles dixitais (youtube, Instagram, etc).

Como instrumentos da avaliación utilizáronse: (a) a rúbrica, para elixir os mellores recursos a modo de coavaliación; (b) a escala de valoración de aprendizaxes, avaliando se adquiriron unha serie de competencias no alumnado; e o grupo de discusión, xa que as docentes implicadas valoraron certos puntos débiles e fortes do proceso.

**RESULTADOS**

No Grao en Mestra/e de Educación Infantil, na materia "Didáctica da Lingua e a Literatura infantil", traballouse coa dramatización de contos populares. Así, seleccionábanse os contos, realizábanse pódcasts da súa lectura dramatizada e reelaborábanse. Despois, as reescrituras escenificábanse a través de diferentes modalidades como o teatro negro ou de marionetas, entre outros, o que implicaba a preparación de decorados, música, materiais e, por suposto, o traballo de expresión corporal e oral.



## EXPERIENCIA INVESTIGADORA

*Propostas interdisciplinarias na formación inicial docente: deseño e recursos educativos*

Figura 1

*Dramatización: conto Cocorico*




Nota. Adaptado por M. Núñez e ilustrado por H. Bansch.

Tamén neste Grao, en “Técnica vocal e práctica coral”, aplicáronse experiencias e recursos interdisciplinarios a través de haikus, fugas, células rítmicas ou debuxos rítmicos. En moitos deles, o canto, a motricidade e a música eran os protagonistas. Ademais, traballábanse outro tipo de saberes transversais como a educación sexual ou certas competencias emocionais.

Figura2

*Haikus e debuxos musicais*



No Grao en Mestra/e de Educación Primaria, na materia “Educación Física e a súa Didáctica na Educación Primaria”, deseñáronse propostas didácticas interdisciplinarias e os seus recursos (neste caso foron pímulas formativas) a partir de diferentes temáticas como a ruptura de estereotipos no deporte, a reciclaxe, os xogos tradicionais, empoderamento dos/as nosos/as maiores, interculturalidade, etc. O foco estaba fundamentalmente na motricidade, dadas as características desta materia.

Figura 3

*Valores a través da motricidade e arte en movemento*



## CONCLUSIONES

O alumnado en formación inicial docente valorou de forma moi positiva a experiencia, facendo fincapé na adquisición de aprendizaxes relativas á interdisciplinariedade, á busca de información, ao uso de tecnoloxías, ao deseño de tarefas e actividades, ao coñecemento de metodoloxías activas, á capacidade de análise e de síntese, etc. Tamén apreciaron a aprendizaxe a través das actividades realizadas na aula e do material proporcionado polas docentes.

As profesoras implicadas consideraron a investigación como enriquecedora e inspiradora de cara a futuros desafíos. Valorouse especialmente que a aprendizaxe tivera sido académica, pero tamén persoal e de consolidación de grupo. Reflexionouse sobre a importancia de simplificar certos aspectos vinculados coa abordaxe das materias, pero tamén sobre a necesidade de pensar no futuro a atención á diversidade como un obxectivo prioritario.

## EXPERIENCIA INVESTIGADORA

*Propostas interdisciplinarias na formación inicial docente: deseño e recursos educativos*

## REFERENCIAS

- Cores-Bilbao, E., Fernández-Corbacho, A., Machancoses, F. H., & Fonseca-Mora, M. C. (2019). A music-mediated language learning experience: Students' awareness of their socio-emotional skills. *Frontiers in Psychology*, (10), 2238. <https://doi.org/10.3389/fpsyg.2019.02238>
- Marasco, E., Hladik, S., Behjat, L., & Rosehart, W. (2016, October). Exploring electrical engineering through movement: Going with the flow and programming puzzles. In *2016 IEEE Frontiers in Education Conference (FIE)* (pp. 1-3). IEEE. <http://doi.org/10.1109/FIE.2016.7757741>
- Triviño, J. C., & García, I. D. L. Á. (2022). La música como recurso didáctico en el aprendizaje de inglés en estudiantes de básica media. *Dominio de las Ciencias*, 8(3), 1095-1113. <http://dx.doi.org/10.23857/dc.v8i3>
- Vetter, M., O'Connor, H., O'Dwyer, N., & Orr, R. (2018). Learning "Math on the Move": Effectiveness of a Combined Numeracy and Physical Activity Program for Primary School Children. *Journal of Physical Activity and Health*, 15(7), 492-498. <http://doi.org/10.1123/jpah.2017-0234>

**Myriam Alvariñas Villaverde**

**Eulalia Agrelo Costas**

**Sara Domínguez Lloria**

*Grupo GIES10*

*Departamento de Didácticas Especiais*

*Universidade de Vigo*

## ACCIÓNS DA REDE RIES

### CURSOS, SEMINARIOS E CONGRESOS

#### CURSO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DE FORMACIÓN PARA DOCENTES DE ALUMNADO CON CANCRO

##### Santiago de Compostela, curso 2023-2024

O Grupo de investigación TECNOEDUC, en colaboración coa Federación Española de Pais/Nais de Nenos/as con Cancro (FEPNC), oferta dende o ano 2022 o Curso de Formación Específica de Formación para docentes de alumnado con cancro, no que se proporcionan ferramentas e recursos educativos con todo tipo de soporte que sirvan ao profesorado para poder traballar co alumnado con cancro e co resto dos compañeiros e compañeiras. En cada curso no catálogo de formación continua da USC ofertáronse e 2 edicións (outubro e febreiro).



#### PRESENTACIÓN DO INFORME DA UNESCO E DA FUNDACIÓN SM “OS FUTUROS DA EDUCACIÓN”

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2024

Presentouse o informe da UNESCO e da Fundación SM “Reimaxinar xuntos os nosos futuros, un novo contrato social para a educación”, no Salón de Actos da Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida). Esta actividade enmarcouse na celebración dos 50 anos dos estudos en Pedagogía.

#### ENTREGA DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS A INTEGRANTES DO GI ESCULCA

##### Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2024

Co motivo da celebración do patrón da Facultade de Ciencias da Educación da USC, Frei Martín Sarmiento, tivo lugar a entrega de premios extraordinarios das titulacións impartidas no centro, entre os cales estiveron varias/os integrantes do GI Esculca: Serxio Estévez Souto (Grao en Pedagogía), Nicolás Avendaño Carballo (Mestrado Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario), Ana Vázquez Rodríguez e Gabriela Míguez Salina (Doutoramento en Educación).

#### PROGRAMA DE BACHARELATO DE EXCELENCIA EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA (STEMBACH)

Ferrol, 12 de abril de 2024

O proxecto titulado “Sentimos medo cando non dispoñemos do teléfono móbil?: Análise da nomofobia en estudantes de Educación Secundaria”, desenvolvido no Marco do Programa STEMBach (bienio 22-24) e coordinado pola Profa. Iris Estévez Blanco, membro do GI Esculca (USC) e a Profa. Alba Souto Seijo, do GI Mestura (USC), foi presentado e defendido o 12 de abril de 2024 polo alumnado do Instituto de Ensino Secundario Sofía Casanova de Ferrol, obtendo a máxima cualificación por unanimidade do tribunal. O proxecto dirixido por ambas profesoras creouse ao abeiro da Estratexia Galega para a Educación Dixital, promove a vocación do alumnado cara á investigación científica e tecnolóxica e permite unha conexión directa co ensino universitario.

#### CURSO DE APS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

##### Vigo, 15 de abril de 2024

Os profesores do GI Esculca Igor Mella Núñez e Alexandre Sotelino Losada impartiron o curso “Introdución á Aprendizaxe-Servizo no ensino superior” na Universidade de Vigo. Esta formación enmárcase no Plan de Formación e Innovación Educativa da institución olívica e contou cunha duración de 10 horas.



## ACCIÓNS DA REDE RIES

**CONFERENCIA: UNHA PROPOSTA DE LEI (FRANCESA) CONTRA A «DISCRIMINACIÓN POLO ACENTO»: BOAS INTENCIÓNS E PROBLEMÁTICA DESENCAIXADA**

**Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024**

O GI de Gramática do Español organizou a conferencia do profesor Eric Beaumatin (*Université Sorbonne Nouvelle*) sobre a proposta de lei francesa para loitar contra a discriminación lingüística, no marco do proxecto “Explotación de corpus xerais e de aprendices para a investigación e a ensinanza do discurso no español como lingua estranxeira (ELE)”.

**II CONGRESO INTERNACIONAL DE APLICACIÓNS DA LINGÜÍSTICA DE CORPUS NA DIDÁCTICA DAS LINGUAS**

**Santiago de Compostela, 13-14 de maio de 2024**

Os grupos de investigación de Gramática do Español e SPERTUS da USC organizaron, baixo a dirección da Profa. María Sampedro Mella (Gramática del Español), o II Congreso Internacional de Aplicacións da lingüística de corpus na didáctica das linguas, que se celebrou na Facultade de Filoloxía da USC



**CURSO DE FORMACIÓN DO CAMPUS TERRA SOBRE “UTILIZACIÓN DAS TIC NOS PROCESOS DE AVALIACIÓN E CONTROL DO PLAXIO NA DOCENCIA”**

**Lugo, 23-24 de maio de 2024**

As profesoras Isabel Dans Álvarez de Sotomayor e Alba Souto Seijo e o profesor Pablo César Muñoz Carril, membros do GI Mestura, impartiron o seminario de investigación “Fundamentos Esenciais para a Creación de Artigos Científicos en Ciencias da Educación”, cunha duración de 8 horas, no marco das actividades formativas obrigatorias do Programa de Doutoramento en Educación da Universidade de Santiago de Compostela no curso 2023/24.

**SEMINARIO “APRENDIZAGEM-SERVIÇO E EDUCAÇÃO PARA O DESENVOLVIMENTO”**

**Cabo Verde, 29 de maio de 2024**

O GI Escolca en colaboración coa Universidade de Cabo Verde e Farmamundi, por medio do proxecto “Aprendizaxe-servizo e cooperación para o desenvolvemento. Formando para a cidadanía global – Cooperación para o desenvolvemento 2023” (PR815A 2023/5) organizou o Seminario “Aprendizagem-Serviço e Educação para o desenvolvemento”, celebrado no Polo III, Campus Cruz Grande (Praia).



**RELATORIO “GLOCAL FACTORY’S SOCIO-EDUCATIONAL, PROJECTS FOR SOCIAL INCLUSION IN EUROPE”**

**Santiago de Compostela, 30 de maio de 2024**

No marco do Proxecto Erasmus+ “Mobilising university-community resources through SL(M) for the inclusion of migrants/refugees” [2022-1-ES01-KA220-HED-000087650], coordinado polo GI Escolca, desenvolveuse o relatorio “Glocal Factory’s socio-educational projects for social inclusion in Europe” na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Sur), que foi impartido polo Director Xeral de Proxectos da entidade social Glocal Factory (Verona, Italia).

**O GI ESCULCA PROMOVE A INSTITUCIONALIZACIÓN DA APS EN CABO VERDE**

**Praia, 4 de xuño de 2024**

O coordinador do GI Escolca, o profesor Miguel A. Santos Rego, e o profesor Alexandre Sotelino Losada, visitaron Cabo Verde para desenvolver diferentes accións en favor da institucionalización da aprendizaxe-servizo no país. Estas iniciativas estiveron enmarcadas no proxecto “Aprendizaxe-Servizo e Cooperación para o Desenvolvemento. Formando para a Cidadanía Global”.

## ACCIÓNS DA REDE RIES

### CURSO DE FORMACIÓN NO CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DE MONDARIZ

**Mondariz, 7 de xuño de 2024**

A profesora Paula Outón Oviedo, do GI Esculca, impartiu un curso de formación para docentes de dúas horas no CPI de Mondariz, baixo o título “Aproximación á dislexia: Ferramentas e Técnicas para o Desenvolvemento Académico”.

### PREMIO INTERNACIONAL AFUNDACIÓN DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA

**Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024**



O I Premio Afundación de Investigación Educativa foi concedido ao Prof. Robert F. Arrove pola súa ampla traxectoria no campo da Educación Comparada. No marco do acto de entrega do galardón, levouse a cabo unha mesa redonda de Educación Comparada na que exerceu como moderador o profesor Miguel A. Santos Rego, coordinador do GI Esculca, e que contou coa participación dos profesores Mariano Fernández Enguita, Martín Aiello e do premiado Robert F. Arrove.

### PARTICIPACIÓN NO II CONGRESO INTERNACIONAL DE CIENCIAS DO DEPORTE, OLIMPISMO E MOVEMENTO OLÍMPICO

**Perú, 12-14 de xuño de 2024**

As profesoras Myriam Alvariñas-Villaverde e Xoana Reguera-López de la Osa, do GIES10, formaron parte do Comité científico do II Congreso Internacional de Ciencias do Deporte, Olimpismo e Movemento Olímpico.



### PARTICIPACIÓN NO CURSO DE VERÁN NA UNIVERSIDADE DE CANTABRIA

**Santander, 25 de xuño 2024**

O profesor Alexandre Sotelino Losada participou como relator no curso de verán da Universidade de Cantabria titulado “Estudio de Etnografía, Folclore e Artes Populares”, dirixido por Carmen Olarreaga na cidade de Torrelavega.

### PREMIO Á INTRODUCCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA

**Santiago de Compostela, 26 de xuño 2024**

As profesoras Patricia Alonso Ruído, Jéscica Núñez García e o profesor David García Romero, membros do GI Esculca, veñen de acadar o segundo premio na categoría de docencia na décimo quinta edición dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e a Investigación co proxecto de ApS “A educación ten faciana de muller”.

### PARTICIPACIÓN NUN CURSO DE VERÁN

**Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2024**

Os profesores do GI Esculca Ígor Mella Núñez e Alexandre Sotelino Losada participaron no curso de verán “Arquivos, museos, lugares e xente: fontes para a ensinanza en humanidades”. No marco deste evento impartiron o obradoiro “A aprendizaxe-servizo: conectando sistema educativo e comunidade”



## ACCIÓNS DA REDE RIES



### CONVOCATORIA DE BOLSAS DE ALUMNA/O INTERNA/O

**Setembro de 2024**

O GI Escolca publicou unha convocatoria de 2 Bolsas de Alumna/o Interna/o para o curso 2024/2025 coa finalidade de favorecer e promocionar a investigación educativa entre os mozos e mozas que se van graduando na universidade.

### XOGO "COME SAN, COME SOSTIBLE"

**Setembro de 2024**

Investigadores/as do Grupo de investigación de Biotecnoloxía Ambiental (Biogroup) do Centro de Investigación Interdisciplinario en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS) e do Grupo de investigación Escolca, ambos pertencentes á USC, crean unha ferramenta didáctica para que o alumnado de Educación Primaria sexa consciente da importancia que teñen as súas accións para o coidado da súa saúde e, ao mesmo tempo, da protección do medio ambiente e o desenvolvemento sustentable.



### CURSO SOBRE DISLEXIA NO CPR A INMACULADA

**Marín, 6 de setembro de 2024**

A profesora Paula Outón Oviedo, membro do GI Escolca, impartiu dous cursos sobre dislexia, cunha duración de 2 horas, no CPR A Inmaculada de Marín, un dirixido ao profesorado de educación infantil e dos dous primeiros ciclos de educación primaria, e outro dirixido ao profesorado do último ciclo de educación primaria e educación secundaria. Os cursos levaban por título "Aproximación á dislexia. Ferramentas e técnicas para o desenvolvemento académico".

### CURSO DE FORMACIÓN CONTINUA EN "FORMACIÓN PEDAGÓGICA E DIDÁCTICA DO PROFESORADO ESPECIALISTA DE FORMACIÓN PROFESIONAL"

**Santiago de Compostela, Curso 2024-2025**

A profesoras Carmen Sarceda Gorgoso e Eva María Barreira Cerqueiras, do GI GEFIL, dirixen o Curso de Formación Continua en Formación Pedagóxica e Didáctica do Profesorado Especialista de Formación Profesional.

### SEMINARIO SOBRE PERÍFRASES VERBAIS

**Santiago de Compostela, setembro-outubro 2024**

A Dra. Hella Olbertz, profesora visitante do GI Gramática del Español, impartiu un seminario sobre Perífrases verbais dividido en tres partes, unha formación desenvolvida no marco da Consolidación e Estruturación 2024.



### IV SIMPOSIO INTERNACIONAL DE APRENDIZAXE-SERVIZO NA UNIVERSIDADE

**Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2024**

O Grupo de Investigación Escolca organizou o "IV Simposio Internacional de Aprendizaxe-Servizo na Universidade", baixo o subtítulo "Educación e Desenvolvemento da Comunidade", no marco do Proxecto "O impacto da universidade na comunidade a través dos proxectos de Aprendizaxe-Servizo. Un estudo centrado na reciprocidade (ApS(C))" do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023.

## ACCIÓNS DA REDE RIES

### XVI SEMINARIO NACIONAL ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO INMIGRANTE

**Santiago de Compostela, 25 e 26 outubro de 2024**

O GI Escolca organizou o XVI Seminario Nacional Atención Educativa ao Alumnado Inmigrante, nesta edición centrado na abordaxe desta realidade dende o emprego das metodoloxías activas e a xestión educativa da diversidade cultural. O Seminario celebrouse en formato presencial na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida) da USC, e contou coa homologación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como actividade de formación permanente do profesorado (12 h).



### CONFERENCIA NA UNIVERSIDADE DE SEVILLA

**Sevilla, 12 de novembro de 2024**

O profesor Miguel A. Santos Rego, coordinador do GI Escolca, impartiu a conferencia inaugural no marco do Programa de Doutoramento 2024-2025 na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Sevilla baixo o título “O doutoramento industrial ou o doutoramento industrial profesional en educación”

### I XORNADAS UNITC: AS TIC NA UNIVERSIDADE: USO OU ABUSO POLO ESTUDANTADO?

**Lugo, 18 de novembro de 2024**

O pasado 18 de novembro tiveron lugar na Facultade de Formación do Profesorado as I Xornadas UNITC: As TIC na Universidade: uso ou abuso polo estudantado? Coordinadas pola profesora Carmen Sarceda e Pablo C. Muñoz e que contaron co financiamento da Deputación de Lugo.

### TALLERES FORMATIVOS NAS XORNADAS “ACOSO SEXUAL POR RAZÓN DE XÉNERO, ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO EN CONTORNAS ONLINE E OFFLINE NA UNIVERSIDADE”

**Lugo, 20 de novembro de 2024**

O pasado mércores 20 de novembro, a profesora do GI ESCULCA, Laura García Docampo, impartiu dous talleres na Facultade de Formación do Profesorado do Campus de Lugo no marco das Xornadas “Acoso sexual por razón de xénero, orientación sexual e identidade de xénero en contornas online e offline na Universidade”.

### VI ENCONTRO DA COMUNIDADE DE ACCIÓNS E SABERES ARREDOR DO RURAL

**Lugo, 5 de decembro de 2024**



O 5 de decembro a Cátedra Juana de Vega da USC organizou no Campus Terra de Lugo, en colaboración co GI Escolca, unha xornada para fomentar a colaboración entre a universidade e as iniciativas para a sustentabilidade e a xustiza no noso medio rural. Baixo o título “Arredor do Rural, aprendizaxes dende as voces das mulleres” realizouse un día de actividades focalizadas no recoñecemento do labor pola innovación social no rural feita polo emprendemento das mulleres que o habitan, e pensada para promover a creación de sinerxías e facilitar colaboración con profesorado e estudantado universitario.

## ACCIÓNS DA REDE RIES

### CURSO DE FORMACIÓN PERMANENTE “AUTORREGULACIÓN DA APRENDIZAXE: ESTRATEXIAS E RECURSOS PARA UNHA APRENDIZAXE EFICAZ”

**Xaén, 2024**

A profesora Rocío González-Suárez, do GIPED, impartiu o curso de formación “Autorregulación da aprendizaxe: Estratexias e recursos para unha aprendizaxe eficaz”, cunha duración de 3 horas, no Centro de Formación Permanente e Formación Complementaria da Universidade de Xaén.

### CURSO DE DOUTORAMENTO “TALLER DE XESTIÓN DO TEMPO E DO ESTRÉS NA ETAPA DE TESE”

**Santiago de Compostela, 2024**

A profesora membro do GIPED Susana Rodríguez Martínez impartiu na Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) da USC a segunda edición do “Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese”, de 10 horas de duración.

### ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN

#### ESTADÍA DE LUCÍA DÍAZ PITA NO ISP- INSTITUTO UNIVERSITÁRIO (PORTUGAL)

**Portugal, 18 de marzo–17 de xuño de 2024**

A doutoranda Lucía Díaz Pita, membro do GIPED, realizou unha estadía de investigación no *Instituto Superior de Psicologia Aplicada* (ISPA) de Lisboa, baixo a supervisión do profesor Francisco Peixoto.

#### ESTADÍA PREDOUTORAL DE GIUSY GIARRATANO NO GI ESCULCA

**Santiago de Compostela, abril de 2024**

No pasado mes de abril Giusy Giarratano, procedente da *University of Study of Palermo*, realizou unha estadía de investigación predoutoral no seo do GI Esculca.

#### ESTADÍA DE KATELINE BRITO TAVARES NA UNIVERSITETET I BERGEN (NORUEGA)

**Noruega, 1 de abril–30 de xuño de 2024**

A doutoranda Kateline de Jesus Brito Tavares, do GI Esculca, estivo a realizar unha estadía de investigación na *Universitetet i Bergen* (Noruega), baixo a supervisión do profesor David Lackland Sam, no seo do *Society and Workplace Diversity Research Group*.

#### ESTADÍA DE SUSANA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ NA UNIVERSIDADE DE BARCELONA

**Barcelona, xuño de 2024**

A profesora Susana Rodríguez Martínez foi convidada polo Grupo de investigación *Learning, Media & Social Interactions* (LMI) a realizar unha estadía na Universidade de Barcelona.

#### ESTADÍA DE CAROLINA RODRÍGUEZ LLORENTE E ROCÍO GONZÁLEZ SUÁREZ NA KENNESAW STATE UNIVERSITY

**Estados Unidos, curso 2024-2025**

As investigadores posdoutorais Carolina Rodríguez Llorente e Rocío González Suárez, membros do GIPED, desenvolveron unha estadía de investigación na *Kennesaw State University* de Georgia, Estados Unidos, baixo a supervisión do Dr. Iván Jorrín Abellán.



## ACCIÓNS DA REDE RIES

### PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

#### PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

A profesora do GIES10 Myriam Alvariñas Villaverde coordina o proxecto “Situacións de aprendizaxe interdisciplinarias baseadas nas achegas da neurociencia” (Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Universidade de Vigo)

#### PROGRAMA DA USC EN VIOLENCIA DE XÉNERO

A profesora Milena Villar Varela, membro do Grupo de Investigación GEFIL, coordina o proxecto “Diagnóstico do acoso sexual e o acoso por razón de xénero, orientación sexual e identidade de xénero: revisión da situación e análise do fenómeno en contornas virtuais na Universidade de Santiago de Compostela” (2024-PU045)

#### PROXECTO DE ESTÍMULO Á TRANSFERENCIA EN CIENCIAS SOCIAIS, HUMANAS, XURÍDICAS E ARTÍSTICAS (USC)

O GI Esculca vén de acadar un novo proxecto na convocatoria “Programa de Estímulo á Transferencia en Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas e Artísticas”, promovido pola Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) da USC. A proposta, na que participan diferentes membros do GI Esculca baixo a coordinación do profesor Miguel A. Santos Rego, leva por título “App-S. A reflexión nos proxectos de Aprendizaxe-Servizo en Educación Secundaria”.

#### PROXECTO PARA A ELABORACIÓN DO INFORME “A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA. ENTRE OS ANOS 2015 E 2024”

A Universidade de Santiago de Compostela, por medio do Grupo de Investigación Esculca, vén de asinar o pasado mes de maio un convenio coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional co obxectivo de elaborar o informe sobre “A Investigación Educativa en Galicia. Entre os anos 2015 e 2024”. Este proxecto estará dirixido polo Coordinador do GI Esculca, Miguel A. Santos Rego.

#### CONCLUSIÓN DO PROXECTO ABILII NAS AULAS HOSPITALARIAS

##### Comunidade Valenciana, outubro-décembro 2024

O equipo do proxecto ABILITI, dirixido polas investigadoras Carmen Fernández Morante e Lorena Casal Otero, do GI TECNOEDUC, realizaron un total de 6 xornadas formativas entre outubro e decembro deste ano, organizadas pola Consellería de Educación da Comunidade Valenciana coa participación de varios docentes pertencentes a 12 aulas hospitalarias de dita comunidade. Estas xornadas forman parte do conxunto de accións de transferencia que as investigadoras están a desenvolver no marco do proxecto vinculado ao Programa de Estímulo á Transferencia da Universidade de Santiago de Compostela no ano 2024.

#### PROXECTO DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA NO MARCO DO PLAN ESTATAL DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E DE INNOVACIÓN

Os investigadores do GIPED Susana Rodríguez Martínez e Antonio Valle Arias coordinan o proxecto “Implicación parental de calidade: consecuencias para o compromiso escolar e o benestar do estudante” (Ref.: PID2021-125898NB-I00).

## ACCIÓNS DA REDE RIES

### PARTICIPACIÓN NA I CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS FORMATIVOS E DE DIVULGACIÓN

**Curso 2024-2025**

Diversos profesores e profesoras dos Grupos de investigación Mestura e Esculca veñen coordinando distintos proxectos de investigación ligados á I Convocatoria para a Creación de Contidos Dixitais Formativos e de Divulgación.

Por parte do GI Mestura:

- Uso dos videoxogos dende un enfoque formativo e lúdico. (Coordinador: Pablo César Muñoz Carril)
- Procesos e ferramentas de avaliación coa plataforma Moodle. (Coordinador: Pablo César Muñoz Carril)
- Microsoft Teams como ferramenta para o ensino e a aprendizaxe. (Coordinador: Pablo César Muñoz Carril)


E coordinados por profesorado do GI Esculca:

- Pausas activas nas aulas universitarias. (Coordinador: José Eugenio Rodríguez Fernández)
- Curso de Formación Básica para o deseño de programas socioeducativos baseados no enfoque Fondos de Coñecemento. (Coordinadora: Gabriela Míguez Salina)
- "SL(M). Curso de formación básica en migración/refuxio e ApS na Universidade". (Coordinadora: Mar Lorenzo Moledo)
- Aprendizaxe Cooperativa na universidade. (Coordinador: Miguel A. Santos Rego)

## PRÓXIMOS CONGRESOS

### 8º CONGRESO MUNDIAL DE EDUCACIÓN. EDUCA 2025

A Coruña, 15-16 de marzo de 2025



EDUCA 2025, organizado por EDUCA, o Grupo de investigación TALIONIS e a Universidade da Coruña, constitúese como un foro para o intercambio de coñecementos e experiencias didácticas entre profesorado e profesionais da educación abordando todas as etapas educativas e todas as áreas temáticas. É un evento multidisciplinar dirixido a docentes, profesionais da educación, alumnado universitario e de formación profesional vinculada ao ámbito da docencia. O programa desta oitava edición consta de 10 conferencias plenarias impartidas por recoñecidos/as profesionais da educación. Ademais, programaranse máis de 100 traballos de investigación e experiencias didácticas presentadas polos/as asistentes.

Máis información: <https://plataformaeduca.org/congreso/>

### II CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE INNOVACIÓN, DIDÁCTICA E EDUCACIÓN PARA A SOSTIBILIDADE. CIIDES 2025

Virtual, 26-28 de marzo de 2025

Iniciativa da *Red Diseño y Atención a las Oportunidades de Género en la Educación Superior (REDGENU)* e do *Grupo de Investigación Interdisciplinar en Docencia Universitaria-Educación y Tecnologías de la Información y Comunicación/Educación Inclusiva (GIDU-EDUTIC/IN)*, o congreso ofrece un espazo de intercambio para compartir coñecementos e experiencias relacionados coa educación en xeral e, en particular, coa Educación para o Desenvolvemento Sostible (EDS). Baixo o lema “Construíndo un futuro sostíbel a través da educación”, está dirixido a investigadores/as, docentes, profesionais e estudantes de calquera área de coñecemento interesados/as na investigación educativa, tanto desde un enfoque práctico como teórico.




## CIIDES

Congreso Internacional sobre Innovación,  
Didáctica y Educación para la Sostenibilidad

Máis información: <https://ciides.csidiomas.ua.es/2025/index>

### II CONGRESO INTERNACIONAL DE EDUCACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO

Virtual, 22-23 de maio de 2025



A Cátedra institucional de *Educación en tecnologías emergentes, gamificación e Inteligencia Artificial (EduEmer)* da Universidade Pablo de Olavide organiza este congreso internacional virtual desde o que se pretende ofrecer espazos abertos para a reflexión, a transferencia do coñecemento e o debate académico que permita compartir e intercambiar innovacións, opinións e investigacións educativas, así como xerar un ecosistema socio-científico de encontro entre educadores/as,

formadores/as, investigadores/as de diferentes países para o desenvolvemento sostible da comunidade socio-científica.

Máis información: <https://www.eduemer.org/congreso-eduemer-2025/>

### XXXI CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE APRENDIZAXE

Granada, 8-10 de xullo de 2025



A *Red de Investigación de Aprendizaje* reúne en torno a un interese común pola aprendizaxe, desde a primeira infancia ata o ensino universitario e a educación para adultos que se desenvolve nas diferentes poboacións e ámbitos laborais. Nesta edición, abórdase como tema destacado a “Aprendizaxe humana e aprendizaxe automática: retos e oportunidades para a intelixencia artificial na educación”.

Máis información: <https://sobreaprendizaje.com/congreso-2025>

## PRÓXIMOS CONGRESOS

### CONGRESO INTERNACIONAL DE DOCENCIA UNIVERSITARIA E INNOVACIÓN. CIDUI 2025

Barcelona, 9-11 de xullo de 2025



Baixo o lema “Docentes de hoxe para a universidade do mañá”, este evento configúrase como un espazo de encontro para a reflexión, o debate e o intercambio de experiencias entre profesionais de diversos ámbitos vinculados á docencia, á investigación e á xestión universitaria. Nesta edición, invítase a participar nunha ampla variedade de relatorios, obradoiros, debates e sesións colaborativas, co obxectivo de xerar un diálogo enriquecedor sobre os retos que afrontan a docencia e a formación universitaria actual. Entre estes retos, destaca a necesidade de reforzar os programas de desenvolvemento e formación docente, favorecer a colaboración entre os/as axentes implicados/as no proceso formativo e buscar novos procedementos de avaliación da calidade docente.

Máis información: <https://www.cidui.org/es/xiii-congreso-cidui-2025/>

### XVIII CONGRESO NACIONAL E XI CONGRESO IBEROAMERICANO DE PEDAGOXÍA. SEPCON<sup>25</sup>

Sevilla, 16-18 de xullo de 2025

Organizado pola *Sociedad Española de Pedagogía* (SEP), en colaboración coa Universidade de Sevilla, a súa Facultade de Ciencias da Educación e o Grupo de investigación LITERACIES (HUM10449), nesta edición asume o lema “Retos educativos no século XXI: máis alá da Intelixencia Artificial”, que se desenvolverá en torno a seis liñas temáticas nas que se abordan investigacións educativas, proxectos de investigación, experiencias e prácticas de innovación na educación desde múltiples enfoques teóricos, metodolóxicos e niveis educativos.

Máis información: <https://congresodepedagogia.com/>



### XII CONGRESO INTERNACIONAL DE PSICOLOXÍA E EDUCACIÓN. CIPE2025

Oviedo, 25-27 de xullo de 2025



A *Asociación Científica de Psicología y Educación* (ACIPE) promove este congreso, que aspira a ser un foro científico para a continuación e afondamento nos temas tratados na anterior edición. CIPE2025, cuxo lema é “Desenvolvemento, aprendizaxe e educación na era dixital”, configúrase como un espazo científico no que achegar información, discutir estratexias e elaborar propostas para un bo uso de ferramentas dixitais e a prevención dos cada vez máis abundantes problemas de saúde de profesorado, alumnado e familias.

Máis información: <https://cipe2025.es/>

### XIX CONGRESO NACIONAL DE EDUCACIÓN COMPARADA

Madrid, 5-7 de novembro de 2025

O Grupo de investigación sobre “*Políticas Educativas Supranacionales*” (GIPES) da Universidade Autónoma de Madrid organiza, por encargo da *Sociedad Española de Educación Comparada* (SEEC) esta décimo novena edición coa temática principal “Educación Glocal e novos espazos de formación”. O congreso estrutúrase nunha serie de eixos temáticos como: educación supranacional; espazos formais e non formais de educación; dixitalización e intelixencia artificial; dereitos humanos, inclusión e xénero; reformulación dos espazos epistemolóxicos e metodolóxicos para a investigación educativa comparada, internacional e supranacional.




Máis información: <https://eventos.uam.es/110635/detail/xix-congreso-nacional-de-educacion-comparada-educacion-glocal-y-nuevos-espacios-de-formacion.html>

## NOVIDADES EDITORIAIS

Alonso, R. A., & Valdemoros, M<sup>a</sup> A. (Coords.). (2024). *Adquisición de competencias clave para el aprendizaje permanente desde el aprendizaje servicio*. Tirant humanidades.




Castro, M., & Egido, I. (Eds.). (2024). *Qué sabemos sobre el profesorado. Políticas, evidencias y perspectivas de futuro*. Narcea.



Echeita, G. (2024). *Educación inclusiva. ¿El sueño de una noche de verano?* Octaedro.




Álvarez, M., & Bisquerra, R. (Coords.) (2024). *Orientación profesional. Especial referencia al alumnado adolescente*. Wolters Kluwer.



Comisión Europea/EACEA/Eurydice (2024). *La promoción de la diversidad y la inclusión en los centros educativos de Europa. Informe Eurydice*. Oficina de Publicaciones de la Unión Europea.




Galián, B., & Hernández-Prados, M<sup>a</sup> A. (2024). *Teoría y práctica de la participación familiar en los centros educativos. Orientaciones para la formación docente*. Dykinson S.L.



Bryer, T. A. (2024). *Integrating Community Engagement in Public Affairs Education. Solutions for Professors Working in Divisive Environments*. Routledge.



Downes, J., Anderson, J., Bethoui, A., & Van Praag, L. (2024). *Promoting Inclusive Systems for Migrants in Education*. Routledge.



García, E., & Mota, E. (2024). *Gamificación didáctica. Manual práctico para la enseñanza*. Octaedro.





## NOVIDADES EDITORIAIS

García, J. A., & Ramírez, A. (Eds.). (2024). *Luchar contra el abuso sexual infantil desde las aulas. Un asunto de derechos humanos*. Tirant lo blanch.



Rodríguez, J., Area, M., & Sanmartín, A. (Coords.). (2024). *Infancia y transformación digital de la educación. Miradas Diversas*. Dykinson S.L.



Sotelino-Losada, A. (Coord.) (2024). *A Educación en Galicia en perspectiva: Alicerces para o porvir*. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da USC.




Nomen, J. (2024). *Educación en tiempos difíciles*. Octaedro.




Rodríguez-Izquierdo, R. M., & Lorenzo-Moledo, M. (Eds.). (2024). *El giro comunitario en el aprendizaje-servicio universitario. Inclusión y sostenibilidad*. Octaedro.



Viñao, A. (2024). *Meritocracia, igualdad, educación. Por una vuelta a la historia social de la educación*. Diego Marín.




Ribera, M., & Díaz, O. (Coords.). (2024). *ChatGPT y educación universitaria: posibilidades y límites de ChatGPT como herramienta docente*. Octaedro.



Santos, M. A., Lorenzo, M., & Sáez, D. (2025). *La Universidad y el Aprendizaje-Servicio. Lo que importa es la calidad*. Narcea.



White, S. (2024). *Applications of Service Learning in Higher Education*. IGI Global.



## NOVIDADES LEXISLATIVAS

Ofrecemos as novidades referentes á lexislación educativa dos últimos meses, tanto a nivel nacional como autonómico galego.

## BOE

**Resolución do 5 de decembro de 2023**, da Comisión Nacional Avaluadora da Actividade Investigadora, pola que se publican os criterios para a avaliación da actividade investigadora. BOE Núm. 300, Sábado, 16 de decembro de 2023 Páx. 166272-166295.

<https://www.boe.es/boe/dias/2023/12/16/pdfs/BOE-A-2023-25537.pdf>

**Lei 7/2023, do 30 de novembro**, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. BOE Núm. 38 Martes, 13 de febreiro de 2024 Páx. 16472-16544.

<https://www.boe.es/boe/dias/2024/02/13/pdfs/BOE-A-2024-2663.pdf>

**Real Decreto 201/2024, do 27 de febreiro**, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2024-2025. BOE Núm. 52 Mércores, 28 de febreiro de 2024 Páx. 23289-23305.

<https://www.boe.es/boe/dias/2024/02/28/pdfs/BOE-A-2024-3787.pdf>

**Real Decreto 274/2024, do 19 de marzo**, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes. BOE Núm. 70 Mércores, 20 de marzo de 2024 Páx. 32396-32415.

<https://www.boe.es/boe/dias/2024/03/20/pdfs/BOE-A-2024-5482.pdf>

**Lei 1/2024, do 7 de xuño**, pola que se regulan as ensinanzas artísticas superiores e se establece a organización e equivalencias das ensinanzas artísticas profesionais. BOE Núm. 139 Sábado, 8 de xuño de 2024 Páx. 66846-66899.

<https://www.boe.es/boe/dias/2024/06/08/pdfs/BOE-A-2024-11613.pdf>

**Real Decreto 534/2024, do 11 de xuño**, polo que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión. BOE Núm. 142 Mércores, 12 de xuño de 2024 Páx. 68207-68233.

<https://www.boe.es/boe/dias/2024/06/12/pdfs/BOE-A-2024-11858.pdf>

**Real Decreto 658/2024, do 9 de xullo**, polo que se modifican o Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria, e o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional. BOE Núm. 166 Mércores, 10 de xullo de 2024 Páx. 86583-86602.

<https://www.boe.es/boe/dias/2024/07/10/pdfs/BOE-A-2024-14079.pdf>

**Resolución do 3 de xullo de 2024**, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se establece a información relativa á nota media das credenciais individuais de validación polo primeiro curso de Bacharelato e de homologación aos títulos españois de Graduado en Educación Secundaria Obrigatorio e de Bacharel, e se ditan instrucións para o seu cálculo. BOE Núm. 167 Xoves, 11 de xullo de 2024 Páx. 87050-87109.

<https://www.boe.es/boe/dias/2024/07/11/pdfs/BOE-A-2024-14142.pdf>

**Real Decreto 677/2024, do 16 de xullo**, polo que se modifica o Real Decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes contemplados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e outros procedementos de provisión de prazas a cubrir polos

mesmos. BOE Núm. 172 Mércores, 17 de xullo de 2024 Páx. 89556-89572.

<https://www.boe.es/boe/dias/2024/07/17/pdfs/BOE-A-2024-14628.pdf>

**Real Decreto 709/2024, do 23 de xullo**, polo que se crean e regulan os órganos de coordinación, seguimento e participación do II Plan Nacional de Dereitos Humanos (2023-2027). BOE Núm. 178 Mércores, 24 de xullo de 2024 Páx. 94151-94159.

<https://www.boe.es/boe/dias/2024/07/24/pdfs/BOE-A-2024-15203.pdf>

**Resolución do 21 de agosto de 2024**, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se ditan instrucións relativas ao programa de dobre titulación Bachel-Baccalauréat correspondentes ao curso 2024-2025. BOE Núm. 208 Mércores, 28 de agosto de 2024 Páx. 108691-108705.

<https://www.boe.es/boe/dias/2024/08/28/pdfs/BOE-A-2024-17456.pdf>

## DOG

**Lei 7/2023, do 30 de novembro**, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. DOG Núm. 233 Luns, 11 de decembro de 2023 Páx. 67697-67807.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231211/AnuncioC3B0-301123-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231211/AnuncioC3B0-301123-0001_gl.pdf)

**Resolución do 19 de decembro de 2023** pola que se nomean os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia e se fan públicos os parámetros de ponderación de materias para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia no curso 2024/25, aprobados nos respectivos consellos de goberno das universidades públicas de Galicia. DOG Núm. 3 Xoves, 4 de xaneiro de 2024 Páx. 552-559.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240104/AnuncioG0655-191223-0008\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240104/AnuncioG0655-191223-0008_gl.pdf)

## NOVIDADES LEXISLATIVAS

**Orde do 29 de decembro de 2023** pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 9 Venres, 12 de xaneiro de 2024 Páx. 2367-2373.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240112/AnuncioG0655-080124-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240112/AnuncioG0655-080124-0001_gl.pdf)

**Resolución do 8 de xaneiro de 2024**, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións sobre o contido mínimo para incluír na documentación presentada por unha universidade do Sistema universitario de Galicia para solicitar a verificación dun título oficial de grao ou máster universitario con mención dual. DOG Núm. 12 Mércores, 17 de xaneiro de 2024 Páx. 3983-4003.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240117/AnuncioG0655-080124-0002\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240117/AnuncioG0655-080124-0002_gl.pdf)

**Resolución do 10 de xaneiro de 2024**, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG Núm. 12 Mércores, 17 de xaneiro de 2024 Páx. 4004-4009.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240117/AnuncioG0655-110124-0003\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240117/AnuncioG0655-110124-0003_gl.pdf)

**Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro**, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

DOG Núm. 18 Xoves, 25 de xaneiro de 2024 Páx. 6881-6927.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240125/AnuncioG0692-170124-0002\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240125/AnuncioG0692-170124-0002_gl.pdf)

**Resolución do 14 de febreiro de 2024**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico de educación primaria e educación secundaria obrigatoria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2023/24. DOG Núm. 39 Venres, 23 de febreiro de 2024 Páx. 15352-15362.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240223/AnuncioG0655-150224-0004\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240223/AnuncioG0655-150224-0004_gl.pdf)

**Resolución do 5 de marzo de 2024** pola que se ordena a publicación da modificación do Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade. DOG Núm. 52 Mércores, 13 de marzo de 2024 Páx. 18734-18736.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioG2018-050324-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioG2018-050324-0001_gl.pdf)

**Resolución do 1 de abril de 2024**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2024/25. DOG Núm. 67 Venres, 5 de abril de 2024 páx. 22166.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240405/AnuncioG0655-020424-0003\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240405/AnuncioG0655-020424-0003_gl.pdf)

**Resolución do 1 de abril de 2024**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o Programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurin infantil) para o curso 2024/25. DOG Núm. 67 Venres, 5 de abril de 2024 Páx. 22167.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240405/AnuncioG0655-020424-0002\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240405/AnuncioG0655-020424-0002_gl.pdf)

**Orde do 12 de abril de 2024** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 80 Martes, 23 de abril de 2024 Páx. 25291-25301.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240423/AnuncioG0655-150424-0003\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240423/AnuncioG0655-150424-0003_gl.pdf)

**Orde do 17 de abril de 2024** pola que se modifica a Orde do 10 de setembro de 2019 pola que se regula o procedemento para a acreditación dos campus de especialización do Sistema universitario de Galicia (código de procedemento ED442B). DOG Núm. 83 Venres, 26 de abril de 2024 Páx. 26077-26094.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240426/AnuncioG0761-180424-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240426/AnuncioG0761-180424-0001_gl.pdf)

**Decreto 138/2024, do 20 de maio**, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. DOG Núm. 101 Luns, 27 de maio de 2024 Páx. 31646-31723.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240527/AnuncioG0761-200524-0005\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240527/AnuncioG0761-200524-0005_gl.pdf)

**Decreto 139/2024, do 20 de maio**, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade. DOG Núm. 101 Luns, 27 de maio de 2024 Páx. 31724-31781.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240527/AnuncioG0762-210524-0006\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240527/AnuncioG0762-210524-0006_gl.pdf)

**Resolución do 23 de maio de 2024**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e

## NOVIDADES LEGISLATIVAS

bacharelato no curso académico 2024/25. DOG Núm. 107 Martes, 4 de xuño de 2024 Páx. 31724-31781.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240604/AnuncioG0761-270524-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240604/AnuncioG0761-270524-0001_gl.pdf)

**Resolución do 7 de xuño de 2024**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), para o curso 2024/25. DOG Núm. 116 Luns, 17 de xuño de 2024 Páx. 36619.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240617/AnuncioG0761-070624-0002\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240617/AnuncioG0761-070624-0002_gl.pdf)

**Decreto 164/2024, do 24 de xuño**, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2024/25. DOG Núm. 128 Mércores, 3 de xullo de 2024 Páx. 40395-40416.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240703/AnuncioG0761-270624-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240703/AnuncioG0761-270624-0001_gl.pdf)

**Resolución do 10 de xullo de 2024**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25. DOG Núm. 141 Luns, 22 de xullo de 2024 Páx. 43475-43537.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240722/AnuncioG0761-110724-0004\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240722/AnuncioG0761-110724-0004_gl.pdf)

**Resolución do 10 de xullo de 2024**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25. DOG Núm. 141 Luns, 22 de xullo de 2024 Páx. 43538-43576.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240722/AnuncioG0761-110724-0003\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240722/AnuncioG0761-110724-0003_gl.pdf)

**Resolución do 12 de xullo de 2024**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2024/25. DOG Núm. 144 Venres, 26 de xullo de 2024 Páx. 44264-44312.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240726/AnuncioG0761-150724-0004\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240726/AnuncioG0761-150724-0004_gl.pdf)

**Orde do 2 de outubro de 2024** pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 207 Venres, 25 de outubro de 2024 Páx. 56883-57087.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20241025/AnuncioG0761-031024-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20241025/AnuncioG0761-031024-0001_gl.pdf)



**COORDINADOR DA REDE RIES**

Dr. Miguel A. Santos Rego

**GRUPOS DE INVESTIGACIÓN:****GI 1790 COÑECEMENTO E ACCIÓN EDUCATIVA****(ESFULCA)**

Dir. Miguel A. Santos Rego

**GI 1877 GRUPO GALEGO DE ESTUDOS PARA A FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL (GEFIL)**

Dir. Carmen Sarceda Gorgoso

**GI 1438 TECNOLOXÍA EDUCATIVA (TECNOEDUC)**

Dir. Beatriz Cebreiro López

**GI 1372 GRAMÁTICA DO ESPAÑOL (GRAMÁTICA)**

Dir. Victoria Vázquez Rozas

**GI 2171 GRUPO DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA MESTURA**

Dir. Pablo César Muñoz Carril

**GI EN EDUCACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE (GIES 10)**

Dir. Margarita Pino Juste

**GI EN PSICOLOXÍA EDUCATIVA (GIPED)**

Dir. Antonio Valle Arias

**Contacto:**

Facultade de Ciencias da Educación

Despacho 28 (Módulo A)

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela (A Coruña)

<http://redries.usc.es>[rederies@gmail.com](mailto:rederies@gmail.com)

Teléfono: 881 813 890

**EQUIPO EDITORIAL**

- Carmela Cambeiro Lourido
- Jesús García Álvarez
- Anaïs Quiroga Carrillo
- Nicolás Avendaño Carballo

**Xa estamos traballando en...**

- IX Seminario de Doutoramento en Educación (Abril, 2025)
- Congreso Internacional sobre migracións e refuxio en Europa (Xullo, 2025)
- XVII Seminario Internacional de Atención Educativa ao Alumnado Inmigrante (Novembro, 2025)